

C2202014 Formación de coordinación entre os EOE e os DO

Dúbidas razoables sobre orientación educativa

M^a Magdalena Duarte Blanco

Manuel Guerra Fernández

Inspección educativa da Coruña

26 de abril de 2023 (de 12:00 a 14:00h)



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

DÚBIDAS RAZOABLES SOBRE ORIENTACIÓN EDUCATIVA

Contido

1. A atención á diversidade nos decretos de currículo.
2. Concrecións curriculares.
3. Promoción/titulación nos decretos de currículo.
4. Protocolo de protección de datos.
5. Protocolo de risco suicida.
6. Rede RAOGAL.
7. Outras dúbidas razoables para a función orientadora
8. LO_3/2022 de ordenación e integración da FP: cambios

DÚBIDAS RAZOABLES SOBRE ORIENTACIÓN EDUCATIVA

1.-Atención á diversidade na educación infantil (art. 19 do Decreto 150/2022): (1/2)

1. A atención á diversidade constituirá a pauta ordinaria da acción educativa do profesorado e demais profesionais da educación.
2. A intervención educativa terá en conta a diversidade do alumnado adaptando a práctica educativa ás características persoais, ás necesidades, aos intereses e ao estilo cognitivo das nenas e dos nenos, e identificando as características que poidan ter incidencia na súa evolución escolar co obxectivo de asegurar a plena inclusión de todo o alumnado.
3. A consellería con competencias en materia de educación establecerá procedementos que permitan a detección temperá das dificultades [...] e a prevención destas a través de plans e programas que faciliten unha intervención precoz. Así mesmo, facilitará a coordinación de cantos sectores interveñan na atención deste alumnado.

DÚBIDAS RAZOABLES SOBRE ORIENTACIÓN EDUCATIVA

1.-Atención á diversidade na educación infantil (art. 19 do Decreto 150/2022): (2/2)

1. Os centros docentes adoptarán as medidas adecuadas dirixidas ao alumnado que presente NEAE. Así mesmo, adoptarán a resposta educativa que mellor se adapte ás características e ás necesidades persoais das nenas e dos nenos que presenten NEE.
2. O profesorado e o resto de profesionais que atendan as nenas e os nenos adaptarán ás concrecións do currículo a súa propia práctica educativa, baseándose no DUA e de acordo coas características desta etapa educativa e coas necesidades colectivas e individuais do seu alumnado.

1.-Atención á diversidade na educación primaria (I) (art. 20 do Decreto 155/2022):

1. Na etapa da EP poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, co obxecto de reforzar a inclusión, asegurar o dereito a unha educación de calidade e para evitar a permanencia nun mesmo curso.
 - ◆ Os mecanismos de apoio e reforzo serán tanto organizativos como curriculares e entre estes poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

1.-Atención á diversidade na educación primaria (II) (art. 20 do Decreto 155/2022):

2. Os centros docentes adoptarán as medidas necesarias [...], para responder ás necesidades educativas concretas das súas alumnas e dos seus alumnos, tendo en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe.
 - ◆ Estas medidas estarán orientadas a permitir que todo o alumnado poida alcanzar os obxectivos e as competencias clave da etapa, así como o nivel de desempeño esperado ao termo da educación primaria, de acordo co perfil de saída, polo que en ningún caso poderán supoñer unha discriminación que impida a quen se beneficie delas acadar a promoción ao seguinte ciclo ou etapa.
 - ◆ En particular, favorecerase a flexibilización e o emprego de alternativas metodolóxicas no ensino e na avaliación da lingua estranxeira, especialmente co alumnado que presente dificultades na súa comprensión e expresión.
 - ◆ Igualmente, estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades deste alumnado.

1.-Atención á diversidade na educación primaria (III) (art. 20 do Decreto 155/2022):

3. A escolarización do alumnado NEAE rexerase polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo, e poderán introducirse medidas de flexibilización das distintas etapas educativas, cando se considere necesario.
4. A identificación e a valoración do alumnado con NEAE e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración realizaranse da forma máis temperá posible [...]. Neste proceso [...] serán preceptivamente oídas e informadas as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado.
 - A consellería con competencias en materia de educación regulará os procedementos que permitan resolver as discrepancias que poidan xurdir, sempre tendo en conta o interese superior do menor e a vontade das familias que mostren a súa preferencia polo réxime máis inclusivo.

1.-Atención á diversidade na educación primaria (IV) (art. 20 do Decreto 155/2022):

5. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións de accesibilidade ao currículo do alumnado con NEE, os recursos de apoio que favorezan ese acceso e, de ser o caso, os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións que se aparten significativamente dos criterios de avaliación e dos contidos do currículo, co fin de dar resposta a este alumnado que as precise, buscando permitirlle o máximo desenvolvemento posible das competencias clave.
6. A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais [...], poderá flexibilizarse conforme a normativa vixente, de forma que poida reducirse un curso a duración da etapa, cando se prevexa que esta é a medida máis adecuada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e a súa socialización.
 - Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas.

1.-Atención á diversidade na educación primaria (V) (art. 20 do Decreto 155/2022):

7. A escolarización do alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo [...] realizárase atendendo ás súas circunstancias, aos seus coñecementos, á súa idade e ao seu historial académico.
- Cando presenten graves carencias nalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou desfasamento curricular, recibirán [...] unha atención específica que será, en todo caso, simultánea á súa escolarización no grupo ordinario, co que compartirá o maior tempo posible do horario semanal.
 - Quen presente un desfasamento no seu nivel de competencia curricular de dous ou máis cursos poderá ser escolarizado no curso inferior ao que lle correspondería por idade.
 - Para este alumnado adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación, de ser o caso, do seu desfasamento e que lle permitan continuar con aproveitamento a súa aprendizaxe.
 - No caso de superar ese desfasamento, incorporárase ao curso correspondente á súa idade.

1.-Atención á diversidade na ESO (I) (art. 21 do Decreto 156/2022):

1. Na etapa da ESO poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade, e para evitar a permanencia nun mesmo curso.
 - ◆ Correspóndelle á consellería con competencias en materia de educación regular as medidas de atención á diversidade, organizativas e curriculares que lles permitan aos centros, no exercicio da súa autonomía, unha organización flexible das ensinanzas adecuada ás características do seu alumnado.
 - ◆ Entre esas medidas teranse en conta as adaptacións do currículo, a integración de materias en ámbitos, os agrupamentos flexibles, os desdobramentos de grupos, a exención da segunda lingua estranxeira, a oferta de materias optativas, os programas de reforzo e as medidas de apoio personalizado para o alumnado con NEAE.

1.-Atención á diversidade na ESO (II) (art. 21 do Decreto 156/2022):

2. Os centros docentes adoptarán as medidas necesarias [...] para responder ás necesidades educativas concretas das súas alumnas e dos seus alumnos, tendo en conta as súas circunstancias e os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe.
 - ◆ As ditas medidas estarán orientadas a permitirlle a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da ESO, polo que en ningún caso poderán supoñer unha discriminación que impida a quen se beneficie delas acadar a promoción ao seguinte curso ou obter a titulación correspondente.
 - ◆ Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas co fin de que o alumnado con NEAE poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.
 - ◆ En particular, favorecerase a flexibilización e o emprego de alternativas metodolóxicas no ensino e na avaliación da lingua estranxeira para o alumnado con NEAE que presente dificultades na súa comprensión e expresión.
 - ◆ Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas.

1.-Atención á diversidade na ESO (III) (art. 21 do Decreto 156/2022):

3. A escolarización do alumnado con NEAE rexerase polos principios de normalización e inclusión, e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo, e poderán introducirse medidas de flexibilización das distintas etapas educativas, cando se considere necesario.
4. A identificación e a valoración do alumnado con NEAE e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración realizaranse da forma máis temperá posible [...],
 - Os centros docentes deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención. Neste proceso de identificación e valoración serán preceptivamente oídas e informadas as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado.
 - A consellería con competencias en materia de educación regulará os procedementos que permitan resolver as discrepancias que poidan xurdir, sempre tendo en conta o interese superior do menor e a vontade das familias que mostren a súa preferencia polo réxime máis inclusivo.

1.-Atención á diversidade na ESO (IV) (art. 21 do Decreto 156/2022):

5. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións de accesibilidade e deseño universal e os recursos de apoio, humanos e materiais, que favorezan o acceso ao currículo do alumnado con NEE, e da adaptación dos instrumentos e, de ser o caso, dos tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado.
 - Así mesmo, establecerá os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións que se afasten significativamente dos criterios de avaliación e dos contidos do currículo, co fin de dar resposta a este alumnado que as precise, buscando permitirlle o máximo desenvolvemento posible das competencias clave.

DÚBIDAS RAZOABLES SOBRE ORIENTACIÓN EDUCATIVA

1.-Atención á diversidade na ESO (V) (art. 21 do Decreto 156/2022):

6. A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais [...] poderá flexibilizarse conforme a normativa vixente, de forma que poida reducirse un curso a duración da etapa cando se prevexa que esta é a medida máis adecuada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e a súa socialización.
- Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas.

[Ref Flexibiliz ESO e 2ºBAC DD1ª Proxecto Orde Ordenac e Curríc3 ESO CA Galicia.docx](#)

1.-Atención á diversidade na ESO (VI) (art. 21 do Decreto 156/2022):

7. A escolarización do alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo [...] realizárase atendendo ás súas circunstancias, aos seus coñecementos, á súa idade e ao seu historial académico.
- Cando presente graves carencias nalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou desfasamento curricular, poderá recibir [...] unha atención específica, que será, en todo caso, simultánea á súa escolarización no grupo ordinario, co que compartirá o maior tempo posible do horario semanal.
 - Quen presente un desfasamento no seu nivel de competencia curricular de dous ou máis cursos poderá ser escolarizado no curso inferior ao que lle correspondería por idade.
 - Para este alumnado adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación, de ser o caso, do seu desfasamento, e que lle permitan continuar con aproveitamento a súa aprendizaxe.
 - No caso de superar ese desfasamento, incorporárase ao curso correspondente á súa idade.

1.-Atención á diversidade no bacharelato (I) (art. 21 do Decreto 157/2022):

1. Na etapa de bacharelato prestarase especial atención ás alumnas e aos alumnos con NEAE.
 - Para estes efectos, estableceranse as alternativas organizativas e metodolóxicas, e as medidas de atención á diversidade precisas para facilitar o acceso ao currículo deste alumnado, así como as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás súas necesidades.
2. A escolarización e a atención do alumnado con NEAE rexeranse polos principios de normalización e inclusión, e asegurarán a súa non discriminación e a igualdade efectiva no acceso ao sistema educativo e na permanencia nel.
 - ◆ Así mesmo, fomentarase a equidade e inclusión educativa, a igualdade de oportunidades e a non discriminación do alumnado con discapacidade.
 - ◆ Para iso estableceranse as medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas de accesibilidade e deseño universal que sexan necesarias para conseguir que este alumnado poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.

1.-Atención á diversidade no bacharelato (II) (art. 21 do Decreto 157/2022):

3. Os centros docentes adoptarán as medidas necesarias [...] para responder ás necesidades educativas concretas das súas alumnas e dos seus alumnos, tendo en conta as súas circunstancias e os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe.
- ◆ Entre estas medidas estarán as de apoio educativo para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe.
 - ◆ En particular, favorecerase a flexibilización e o emprego de alternativas metodolóxicas no ensino e na avaliación da lingua estranxeira, para este alumnado. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas.

1.-Atención á diversidade no bacharelato (III) (art. 21 do Decreto 157/2022):

4. A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais [...] poderá flexibilizarse conforme a normativa vixente, de forma que poida reducirse un curso a duración da etapa, cando se prevexa que esta é a medida máis adecuada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e a súa socialización.

2.-Concreción curricular (art. 14.2 do Decreto 155/2022):

A concreción curricular da etapa incluirá, como mínimo:

- a) A adecuación dos obxectivos da etapa ao contexto do centro.
- b) A contribución á adquisición das competencias clave.
- c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais.
- d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.
- e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos.
- f) Os criterios para o deseño das actividades complementarias.
- g) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso.
- h) Os criterios xerais para a avaliación e a promoción.
- i) As decisións e os criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas.
- j) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.
- k) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.

3.-Promoción na educación primaria (I) (art. 22 do Decreto 155/2022):

1. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado.
 - A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.
 - A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

3.-Promoción na educación primaria (II) (art. 22 do Decreto 155/2022):

2. O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior.
3. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento.
 - Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes.
 - A decisión de permanencia no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas titoras legais, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

3.-Promoción na educación primaria (III) (art. 22 do Decreto 155/2022):

4. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias clave de cada alumna ou alumno, no cal indique, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo ou na etapa seguinte.
5. Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe sobre a súa evolución e o grao de desenvolvemento das competencias clave.

DÚBIDAS RAZOABLES SOBRE ORIENTACIÓN EDUCATIVA

3.-Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permanece un ano máis no mesmo curso (art. 50 da Orde_08/09/2021):

- **Finalidade:** atender e superar as **dificultades** que levaron á **repetición**.
- Será **elaborado** polo **equipo docente**, baixo a **coordinación do profesorado titor**, e **desenvolverase** ao longo de **todo o curso**.
- O **plan específico** de reforzo **debe incluír**, cando menos:
 - **Identificación** da alumna ou do alumno.
 - **Relación das necesidades educativas** que motivaron a repetición do curso.
 - **Medidas ordinarias** aplicadas no curso anterior.
 - **Estratexias metodolóxicas** que se utilizarán no seu desenvolvemento.
 - **Recursos necesarios** para o desenvolvemento do plan.
 - De ser o caso, oferta de **medidas extraordinarias**.
 - Acreditación da **información á familia**.
- En **cada sesión de avaliación** farase o **seguimento** e, de ser necesario, realizaranse os **axustes** que procedan.
- A **final de curso** informarase sobre o **desenvolvemento**.

3.-Promoción na ESO (I) (art. 25 do Decreto 156/2022):

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción.
 - A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo ao grao de consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias clave establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

Promoción na ESO (II) (art. 25 do Decreto 156/2022):

2. Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.
 - Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
 - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
 - b) Que a suma dos períodos lectivos semanais [...] das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
 - c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
 - d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
 - e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

3.-Promoción na ESO (III) (art. 25 do Decreto 156/2022):

3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación.
 - Este alumnado deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos plans, de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación. Esta circunstancia será tida en conta para os efectos de promoción e titulación [...].

3.-Promoción na ESO (IV) (art. 25 do Decreto 156/2022):

5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno.
- En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas.
 - Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.
 - Nos programas de diversificación curricular, as decisións sobre a permanencia neles un ano máis adoptaranse exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

3.-Promoción na ESO (V) (art. 25 do Decreto 156/2022):

7. A alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio.
 - De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa.
 - Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 5.1.
8. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a escolarización do alumnado de NEE na etapa de ESO en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a adquisición das competencias clave establecidas e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

3.-Plan de reforzo para o alumnado de ESO que pase de curso con materias sen superar (art. 51 da ORD_08/09/2021):

- Será **elaborado polo profesorado** que imparte a **materia**, baixo as **directrices do departamento didáctico** e co **coñecemento do profesorado titor**.
- O **plan de reforzo debe incluír**, cando menos:
 - **Identificación** da alumna ou do alumno.
 - **Información relevante** sobre a/s materia/s sen superar.
 - **Currículo para desenvolver**.
 - **Estratexias metodolóxicas** que se utilizarán no seu desenvolvemento.
 - **Recursos necesarios**.
 - **Tarefas para realizar**, coa debida **temporización**.
 - **Seguimento e avaliación**.
 - **Acreditación da información á familia**.
- En cada **sesión de avaliación** farase o **seguimento** e, de ser necesario, realizaranse os **axustes** que procedan.
- Na **avaliación final** o/a profesor/a da materia **decidirá sobre a avaliación**.

3.-Plan específico personalizado para o alumnado de ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso (art. 52 da ORD_08/09/2021)

- **Elabórao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor.**
- **O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:**
 - **Identificación** da alumna ou do alumno.
 - **Relación das necesidades educativas** que motivaron a repetición.
 - **Medidas ordinarias** aplicadas no curso anterior.
 - **Estratexias metodolóxicas** que se utilizarán.
 - **Recursos necesarios.**
 - De ser o caso, oferta de **medidas extraordinarias.**
 - Acreditación da **información á familia.**
- En **cada sesión de avaliación farase o seguimento** e, de ser necesario, realizaranse os **axustes** que procedan.
- Ao **final do curso**, na sesión de avaliación, **informarase** sobre o seu **desenvolvemento** e o seu **aproveitamento**.

3.-Título de graduada/o en ESO (I) (art. 26 do Decreto 156/2022):

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación.
 - A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 24.1, e tendo en conta os criterios de titulación.

3.-Título de graduada/o en ESO (II) (art. 26 do Decreto 156/2022):

2. Obterá o título de graduada/o en ESO o alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
 - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
 - b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.
 - c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Para estes efectos, nos criterios de titulación establecidos polos centros docentes non se poderán fixar número nin tipoloxía de materias non superadas.

3. O título de graduada/o en ESO será único e expedirase sen cualificación.

3.-Título de graduada/o en ESO (III) (art. 26 do Decreto 156/2022):

5. O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de ESO, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación,
 - tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias ou dos ámbitos que non superase, de acordo co currículo establecido neste decreto e nos termos que dispoña a consellería con competencias en materia de educación.
6. De conformidade co establecido no artigo 25.7 do Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da ESO, a superación da totalidade dos ámbitos incluídos nun CFGB conducirá á obtención do título de graduada ou graduado en ESO.

3.-Probas ou actividades personalizadas extraordinarias de materias non superadas de cuarto curso (I) (art. 21 da RES_26/05/2022):

1. De conformidade co establecido no artigo 10.5 da Orde do 25 de xaneiro de 2022, o alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de ESO do curso académico 2021/22, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5,
 - poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase.

3.-Probas ou actividades personalizadas extraordinarias de materias non superadas de cuarto curso (II) (art. 21 da RES_26/05/2022):

2. O alumnado que cumpra as condicións indicadas no punto anterior e non se atope matriculado no curso académico 2022/23 en ningunha ensinanza que permita a obtención do título de graduada ou graduado en ESO
 - poderá solicitar, durante o mes de maio de 2023, no centro docente onde conste o seu expediente académico da ESO, a admisión e matrícula para a realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase.

3.-Probas ou actividades personalizadas extraordinarias de materias non superadas de cuarto curso (III) (art. 21 da RES_26/05/2022):

6. Os centros docentes en que se desenvolvan as probas ou actividades personalizadas extraordinarias darán, a través dos departamentos de orientación, a información e a orientación que demanden as persoas interesadas.
 - Para estes efectos, logo de rematado o proceso de matrícula, o equipo directivo do centro encargarse de organizar e coordinar unha xornada de acollemento para as persoas matriculadas, xunto coa orientadora ou o orientador do centro,
 - ✓ co fin de transmitir a información precisa, dar as instrucións que considere convenientes e aclarar as dúbidas xurdidas para o mellor desenvolvemento destas probas ou actividades personalizadas extraordinarias.

3.-Organización xeral do bacharelato (art. 9 do Decreto 157/2022):

1. As modalidades e, de ser o caso, as vías de bacharelato que poderán ofrecer os centros docentes autorizados serán as seguintes:
 - a) Artes, na vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño.
 - b) Artes, na vía de Música e Artes Escénicas.
 - c) Ciencias e Tecnoloxía.
 - d) Humanidades e Ciencias Sociais.
 - e) Xeral.
2. O alumnado de bacharelato terá que cursar materias comúns; materias específicas da modalidade elixida, obrigatorias e de opción, e materias optativas.

3.-Promoción no bacharelato (I) (art. 23 do Decreto 157/2022):

1. Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.
2. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.
3. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Os centros docentes organizarán as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes no marco organizativo que estableza a consellería con competencias en materia de educación e tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.
4. As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

3.-Promoción no bacharelato (II) (art. 23 do Decreto 157/2022):

5. A superación das materias de segundo curso [...] estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso {...}, por implicar continuidade.
- Non obstante, dentro dunha mesma modalidade ou vía, o alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno cumpre as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación.
 - En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a segundo.
6. As alumnas e os alumnos que ao termo do segundo curso teñan avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursaren de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo.
- Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tiverse superado previamente.

3.-Organización do bacharelato en tres anos académicos (I)

(art. 25 do Decreto 157/2022):

1. O alumnado que se atope nalgunha das seguintes circunstancias poderá solicitar a realización do bacharelato, en réxime ordinario, en tres anos académicos:
 - a) Que curse a etapa de maneira simultánea ás ensinanzas profesionais de música ou de danza.
 - b) Que acredite a consideración de deportista de alto nivel ou de alto rendemento.
 - c) Que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar algunha NEAE.
2. O alumnado que desexe cursar o bacharelato en tres anos académicos deberá solicitalo ao formalizar a matrícula de bacharelato.
 - A solicitude deberá ir acompañada de documento acreditativo de estar en posesión do título de graduada ou graduado en ESO ou equivalente, así como da acreditación dalgunha das circunstancias a que se refire o punto 1 deste artigo.

3.-Organización do bacharelato en tres anos académicos (II) (art. 25 do Decreto 157/2022):

3. O alumnado decidirá a distribución das materias que compoñen o bacharelato nos tres anos, cumprindo os seguintes criterios:
 - a) No primeiro ano, matricularase no primeiro curso de bacharelato e cursará, como mínimo, as materias comúns do primeiro curso.
 - As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas no primeiro ano ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.
 - b) No segundo ano, de cumprir os criterios de promoción, matricularase no segundo curso de bacharelato e cursará, como mínimo, as materias comúns do segundo curso e, de ser o caso, as materias pendentes do primeiro ano.
 - c) No terceiro ano, matricularase no segundo curso de bacharelato e cursará as materias de modalidade e optativas do primeiro e segundo cursos do bacharelato que non cursou nos dous primeiros anos e, de ser o caso, as materias pendentes dos dous anos anteriores.

3.-Título de bacharel (I) (art. 24 do Decreto 157/2022):

1. O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias clave correspondentes.
2. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

3.-Título de bacharel (II) (art. 24 do Decreto 157/2022):

3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias, agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:
- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.
 - b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
 - c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
 - d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco.
 - Neste caso, para os efectos do cálculo da cualificación final da etapa, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

3.-Título de bacharel (III) (art. 24 do Decreto 157/2022):

4. O título de bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida.
5. Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

3.-Obtención do título de bacharel desde outras ensinanzas (art. 25 do Decreto 157/2022):

1. O alumnado que teña o título de técnica ou técnico en formación profesional poderá obter o título de bacharel na modalidade Xeral mediante a superación das materias comúns.
2. O alumnado que teña o título de técnica ou técnico en Artes Plásticas e Deseño poderá obter o título de bacharel na modalidade de Artes mediante a superación das materias comúns.
3. Tamén poderá obter o título de bacharel na modalidade de Artes quen superase as ensinanzas profesionais de música ou de danza e supere, ademais, as materias comúns.

3.-Ensinanzas de relixión, proxecto competencial e atención educativa (I) (DA 1ª da RES_26/05/2022):

1. O alumnado do primeiro, terceiro ou quinto curso de EP, e o do primeiro ou terceiro curso de ESO [...] cursará Relixión ou Proxecto Competencial, segundo a elección da nai, do pai, da persoa titora legal ou, de ser o caso, da alumna ou do alumno no caso de ser maior de idade.
 - O Proxecto Competencial dirixirase ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, e que poderá configurarse a modo de traballo monográfico ou proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade.
 - En todo caso, as actividades propostas nesta materia irán dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariade e a conexión entre os diferentes saberes e en ningún caso comportarán a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a ningunha materia da etapa.

3.-Ensinanzas de relixión, proxecto competencial e atención educativa (II) (D A 1ª da RES_26/05/2022):

2. O alumnado do primeiro curso de bacharelato, ademais das materias establecidas no artigo 22 desta resolución, poderá cursar Relixión, segundo a elección da nai, do pai, da persoa titora legal ou, de ser o caso, da alumna ou do alumno no caso de ser maior de idade.
 - Os centros docentes disporán as medidas organizativas para que as alumnas e os alumnos que non cursen as ensinanzas de relixión reciban, de ser o caso, a debida atención educativa. Para tal finalidade, os centros docentes contarán cunha sesión lectiva de libre disposición.

4.-Protocolo de protección de datos persoais (I) (2022):

7. Lei Orgánica de Educación: datos persoais do alumnado (D. A. vixésimo terceira):

“1. Os centros docentes poderán solicitar os datos persoais do seu alumnado que sexan necesarios para o exercicio da súa función educativa.

➤ Os devanditos datos poderán facer referencia á orixe e ambiente familiar e social, a características ou condicións persoais, ao desenvolvemento e resultados da súa escolarización, así como a aqueloutras circunstancias cuxo coñecemento sexa necesario para a educación e orientación dos alumnos.

2. Os pais ou titores e os propios alumnos deberán colaborar na obtención da información á que fai referencia este artigo.

➤ A incorporación dun alumno a un centro docente supoñerá o consentimento para o tratamento dos seus datos e, no seu caso, a cesión de datos procedentes do centro no que estivese escolarizado con anterioridade, nos termos establecidos na lexislación sobre protección de datos.

➤ En todo caso, a información á que se refire este apartado será a estritamente necesaria para a función docente e orientadora, non podendo tratarse con fins diferentes do educativo sen consentimento expreso.”

4.-Protocolo de protección de datos persoais (II) (2022):

- ☐ Polo tanto, non será preciso o consentimento para o tratamento dos datos persoais do alumnado que sexan necesarios para o exercicio da función educativa. Os proxenitores están obrigados pola lei a colaborar na obtención da información.
- ☐ Sen prexuízo do anterior, deben terse en conta as seguintes precisións:
 - » Os datos así recollidos non poderán usarse para finalidades distintas das previstas na norma.
 - » A exclusión da necesidade de consentimento que fai a LOE nestes casos non implica a exclusión do deber de información, polo que deberá incluírse sempre a cláusula informativa necesaria relativa ás condicións de tratamento dos datos persoais.
- ☐ En todos os demais supostos de tratamento de datos do alumnado ou das súas familias non incluídos na función educativa e orientadora, será preciso solicitar o consentimento das persoas afectadas ou acudir a outra base lexitimadora adecuada das previstas neste apartado.

4.-Protocolo de protección de datos persoais (III) (2022):

7.3. Non será preciso o consentimento da persoa afectada cando o tratamento de datos, incluída a súa comunicación a terceiros, derive do cumprimento dunha obriga legal aplicable á persoa responsable do dito tratamento, tal como sucede nos casos en que unha norma con rango de lei obriga a comunicar a outras administracións públicas, ou a publicar, listaxes de admitidos/as ou concesións de axudas.

- Con todo, estas publicacións deberán realizarse dando cumprimento aos restantes principios da protección de datos, polo que se deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a difusión innecesaria ou desproporcionada de datos persoais atendendo sempre ao principio de minimización.
- Ademais, deberá evitarse que estas publicacións supoñan un acceso indiscriminado á información, polo que deberán facerse nos taboleiros de anuncios no interior do centro ou nunha páxina web de acceso restrinxido ás persoas afectadas (por exemplo, creando un espazo a tal efecto na aula virtual do centro).
- Cando estas listaxes xa non resulten necesarias haberá que retiralas.

4.-Protocolo de protección de datos persoais (IV) (2022):

7.4. Peculiaridades do consentimento outorgado por persoas menores de idade:

- » Poderá solicitarse o consentimento para o tratamento dos seus propios datos persoais ás persoas maiores de 14 anos, incluídos os datos relativos á súa propia imaxe, como os obtidos a través de fotografías ou vídeos, salvo naqueles casos nos que a lei esixa para a súa prestación a asistencia dos/as titulares da patria potestade.
 - Así, por exemplo: saídas fóra do centro escolar, participación en determinadas actividades extraescolares ou non relacionadas directamente coa función educativa...
- » No caso de persoas menores de 14 anos requirirase sempre o consentimento dos pais/nais ou titores/as.

4.-Protocolo de protección de datos persoais (V) (2022):

8.2. Traslado de expediente por cambio de centro educativo:

- A disposición adicional vixésimo terceira da LOE, no seu parágrafo segundo, establece que “a incorporación dun alumno a un centro docente suporá o consentimento para o tratamento dos seus datos e, no seu caso, a cesión de datos procedentes do centro no que estivese escolarizado con anterioridade, nos termos establecidos na lexislación sobre protección de datos.
- En todo caso, a información á que se refire este apartado será a estritamente necesaria para a función docente e orientadora, non podendo tratarse con fins diferentes do educativo sen consentimento expreso”.

4.-Protocolo de protección de datos persoais (VI) (2022):

8.2. Traslado de expediente por cambio de centro educativo:

- Polo tanto, nos supostos de cambio de centro educativo, e dentro dos límites expostos, o centro de orixe pode remitir o expediente ao centro de destino, por petición expresa deste, sen necesidade de recadar o consentimento das persoas afectadas.
- Con todo, a comunicación de datos entre centros públicos dependentes da Consellería de CEFPU non se entenderá como unha cesión de datos persoais por tratarse dunha comunicación de datos entre unidades dependentes da mesma responsable do tratamento.
- A mesma consideración terán as posibles comunicacións ao Equipo de Orientación Específico (EOE).

4.-Protocolo de protección de datos persoais (VII) (2022):

- Cesión de datos ao/á Defensor/a del Pueblo ou Valedor/a do Pobo:
 - Intermediación a través da SX de Coordinación Administrativa e Réxime Xurídico.
- Cesión ao Ministerio Fiscal e a órganos xudiciais:
 - A comunicación dos datos limitarase á información solicitada polo órgano correspondente.
- Cesión aos servizos de menores da Consellería competente en materia de política social.
- Cesión aos Servizos sociais municipais:
 - Amparada no interese superior do menor (LO 1/1996 e Lei 3/2011).
- Cesión aos servizos sanitarios.
- Cesión ás Forzas e Corpos de Seguridade.
- Comunicación ás ANPAS e outras entidades ou asociacións.
- Comunicación aos proxenitores de datos persoais do alumnado maior de idade.
- Comunicación aos proxenitores de datos doutro alumnado distinto dos seus fillos/as.

4.-Protocolo de protección de datos persoais (VIII) (2022):

8.3. Publicación de datos persoais nos taboleiros e páxinas web dos centros:

1. As listaxes deberán publicarse o tempo mínimo necesario para cumprir a súa finalidade e deberán retirarse unha vez deixen de resultar necesarias.
2. Cando sexa necesaria a publicación dun acto administrativo que contivese datos persoais dunha pluralidade de persoas afectadas (listaxes de admisión, persoas beneficiarias de bolsas...) estas serán identificadas mediante o nome e apelidos, engadindo catro cifras numéricas do documento nacional de identidade, número de identidade de estranxeiro ou documento equivalente.
3. A publicación deberá recoller só o resultado final do baremo, non os resultados parciais que poidan responder a datos ou información sensible ou poñer de manifesto a capacidade económica da familia.
4. A publicación destas listaxes deberá facerse de forma que non supoña un acceso indiscriminado á información, por exemplo, en taboleiros internos do centro non accesibles dende o exterior do recinto educativo ou nunha páxina web con acceso restrinxido ás persoas solicitantes.

4.-Protocolo de protección de datos persoais (IX) (2022):

10. Consideracións particulares sobre o tratamento de imaxes:

- Uso de imaxes no exercicio da función docente e orientadora.
- Uso de imaxes en páxinas web, blogs dos centros ou redes sociais.
- Uso de sistemas de videovixilancia e de gravación de sons.

4.-Protocolo de protección de datos persoais (X) (2022):

11. Consideracións particulares sobre os proxenitores non unidos legalmente por vínculo matrimonial ou análogo:

- O proxenitor que non ostente a garda e custodia deberá solicitar esta información por escrito ao centro.
- Os proxenitores deberán comunicar ao centro educativo calquera modificación das medidas que afecten a patria potestade ou a custodia á maior brevidade posible.
- Como norma xeral, será suficiente con que un dos proxenitores autorice ás persoas que poderán recibir información do alumno/a. Nos casos de separación legal ou divorcio deberase recadar o consentimento de ambos proxenitores sempre e cando ambos manteñan a patria potestade.
- En caso de discrepancia entre os proxenitores sobre o acceso á información por parte dunha terceira persoa, o centro non lla facilitará salvo que exista unha decisión xudicial ao respecto ou se chegue a un acordo entre os dous proxenitores e autoricen ambos a comunicación.

4.-Protocolo de protección de datos persoais (XI) (2022):

22.3. Perfil do departamento de orientación (I):

- Contén datos de categorías especiais na meirande parte dos casos.
- Cando se traslade un expediente por cambio de centro farase unha relación completa da documentación trasladada, que se gardará no centro xunto co último informe psicopedagóxico dispoñible, de habelo, a modo de copia de seguridade e para manter a unidade documental.
- O coñecemento e custodia da información psicopedagóxica corresponde á XDO, polo que non poderá nin deberá facilitar ao equipo docente máis datos que os estritamente necesarios para que exerza a súa función educativa.
- O informe psicopedagóxico, ou un extracto del, debe trasladarse ao expediente académico do alumno ou alumna.

4.-Protocolo de protección de datos persoais (XII) (2022):

22.3. Perfil do departamento de orientación (II):

- En relación coa documentación integrante do expediente de orientación:
 - ✓ O traslado fóra do centro educativo en formato papel farase en sobre pechado con selo de Confidencialidade. Cando non se faga entrega en man farase mediante correo certificado.
 - ✓ O traslado da documentación á persoa interesada ou representantes legais realizarase en sobre pechado co selo de Confidencialidade. Se isto non fose posible, remitirase mediante correo certificado.

PROTOCOLO DE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Setembro 2022

DÚBIDAS RAZOABLES SOBRE ORIENTACIÓN EDUCATIVA

5.-Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil (2022) (I):

- Obxectivos xerais:
 - Implantar medidas de prevención das condutas suicidas na poboación escolar.
 - Estructurar as actuacións concretas a nivel de centro educativo e sanitario para desenvolver diante dunha conduta suicida.



5.-Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil (2022) (II):

- Os obxectivos xerais concrétanse en:
 - Incorporación dun modelo de prevención universal do suicidio baseado na evidencia científica (YAM).
 - Identificación de factores de risco e protección no alumnado por medio dunha enquisa de saúde (MINI).
 - Actualización e protocolización das actuacións diante dunha conduta suicida.
 - Creación dunha vía rápida de derivación para alumnado de risco moderado e alto.
 - Creación dun programa especial Código “Agarimo” dentro do sistema de Alerta Escolar para atención do risco suicida.
 - Protocolización das actuacións de acollida tras dun intento.
 - Protocolización das accións de posvención tras dun falecemento por suicidio.

5.-Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil (2022) (III):

- Factores de risco:
 - Individuais.
 - Socioeducativos.
 - Familiares.

5.-Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil (2022) (IV):

– Prevención:

- A OMS recomenda que os programas de prevención dirixidos á adolescencia se orienten a desenvolver accións dirixidas á mellora da saúde mental ofrecendo estratexias de resolución de problemas e de afrontamento do estrés en lugar de centrarse directamente no suicidio (OMS, 2021).
- Enquisa de saúde (MINI).

5.-Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil (2022) (V):

- Calquera verbalización ou ideación suicida deberá ser comunicada inmediatamente á dirección do centro:
 - Se a verbalización se acompaña de condutas de axitación ou falta de colaboración, poñerse en contacto con: 061, familia/titores, inspección educativa.
 - Se o/a alumno/a colabora, a XDO realizará unha valoración urxente:
 - Se a persoa xa está atendida en Saúde mental e contamos con informe no programa Código Agarimo de Alerta escolar seguiremos as instrucións deste.
 - En caso contrario seguir as instrucións seguintes:
 - ✓ Se presenta risco leve: avaliación por atención primaria/pediatría.
 - ✓ Se presenta risco moderado: valorarase a necesidade de derivación a saúde mental.
 - ✓ Se presenta risco grave: chamarase ao 061 para derivar a urxencias de valoración psiquiátrica.

5.-Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil (2022) (VI):

– Intervencións:

- Alerta escolar: Código “Agarimo”:
 - Créase dentro de Alerta escolar.
 - Comprenderá un rexistro de casos de risco suicida.
 - Incluirá os informes dos profesionais de saúde mental con recomendacións de actuación en caso de urxencia.

5.-Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil (2022) (VII):

– Intervencións:

- Vía rápida:
- Saúde mental:
 - O alumnado que non estea en seguimento e sexa identificado como de risco moderado ou alto (Mini >5) debe ser avaliado a nivel sanitario por pedriatría/medicina de familia que valorará a necesidade de derivación a Saúde mental por vía rápida ou preferente.

5.-Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil (2022) (VIII):

- Acollida despois dun intento de suicidio:
 - Planificarase unha entrevista coa familia ou titores legais.
 - Valorarase incluír figuras de referencia para o/a menor.
 - Organización previa co grupo clase.
 - Planificación da entrada na aula.
 - De ser necesario, solicitarase a intervención do EOE.

5.-Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil (2022) (IX):

- Recomendacións para a intervención urgente:
 - Protexer a seguridade do alumno/a e da súa contorna.
 - Avisar a 061, se procede, e ao equipo directivo.
 - Socorrer, seguindo os principios dos primeiros auxilios.
- Posvención:
 - Elaboración do proceso de dó nos centros educativos.

6.-Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia (RAOGAL): Resolución do 19 de xullo de 2022

- Cada centro que se incorpore a esta Rede constituirá a Unidade de Acompañamento e Orientación persoal e familiar (UACO).
- Cada UACO está constituída por **unha persoa responsable** do desenvolvemento de **actuacións de apoio e seguimento ao alumnado especialmente vulnerable**, así como **das súas familias, escolarizado en centros sostidos con fondos públicos**, que deberá contar con **formación específica** acreditada en **mediación, habilidades sociais, e educación emocional**.
- As **UACO** teñen como **función específica acompañar as traxectorias educativas do alumnado máis vulnerable e as súas familias**, para previr fracasos e promover a aprendizaxe e éxito escolar, sempre en colaboración e **coordinación co profesorado que estea a intervenir co devandito alumnado**.

6.-Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia (RAOGAL):

– Funcións das UACO:

- a) Acompañamento, motivación e seguimento personalizado do alumnado máis vulnerable educativamente, escolarizado en centros educativos sostidos con fondos públicos, que estean dentro do ámbito xeográfico que se determine e tendo en conta a singularidade das zonas rurais.
- b) Colaboración e coordinación cos equipos docentes e cos departamentos de orientación dos centros educativos sostidos con fondos públicos onde estea escolarizado o alumnado susceptible desta intervención.
- c) Impulso da implicación e colaboración das familias para asegurar unhas condicións óptimas de educabilidade.
- d) Coordinación e colaboración cos concellos, redes socioeducativas e outras entidades para acadar un éxito escolar máis equitativo e inclusivo.
- e) Aqueloutras funcións que a Administración educativa, dentro do ámbito das súas competencias, lle poida asignar en relación co desenvolvemento da Rede.

6.-Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia (RAOGAL):

- **Persoas responsables das UACO:**
 - Terán **dedicación completa e exclusiva** para o desenvolvemento das súas funcións, o que será **incompatible** co desempeño de calquera outro cargo no centro educativo.
 - Realizarán un **seguimento periódico** das súas actuacións e elaborarán unha **memoria intermedia e outra final** que deberá incluír, entre outros:
 - Os criterios de selección do alumnado beneficiario.
 - As actuacións realizadas con cada un deles e os resultados e impacto obtidos.

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Exención da segunda lingua estranxeira:

- ❑ A que grupo de medidas de atención á diversidade pertence esta medida, ordinarias ou extraordinarias?
- ❑ Ademais do recollido na normativa vixente ao respecto, o centro pode establecer/concretar algún criterio máis de cara a definir que alumnado poderá ser partícipe de dita medida?
 - O art. 11 da Res. do 26 de maio de 2022 dispón: O alumnado do 1º [e 2º] curso da ESO que presente dificultades continuadas no procedo de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de 2ª lingua estranxeira.
 - Neste caso recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades, logo do informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior, coa colaboración do departamento de orientación, no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada.
 - Nos seus documentos de avaliación figurará coa mención de exenta ou exento.
 - A competencia da decisión recaerá na dirección do centro docente, oídas as persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal do alumnado afectado pola medida.
 - Os criterios específicos do alumnado obxecto desta medida deben recollerse no PXAD.

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo (I):

- ❑ En que casos concretos se pode solicitar a aplicación desta medida?
 - Cal é o procedemento a seguir por parte do centro educativo?
 - Quen son os encargados do desenvolvemento da atención educativa domiciliaria?
 - E da atención educativa virtual?

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo (II):

Atención educativa domiciliaria (art. 62 da Orde do 8 de setembro):

- Poderase **proporcionar a través do profesorado do centro**, preferentemente a **persoa titora**, se a participación ten carácter voluntario e non implica incremento de persoal.
- O **profesorado de atención educativa domiciliaria**, tendo en conta a **programación didáctica** do ciclo/nivel, **elaborará**, en **coordinación coa persoa titora** e co **asesoramento da xefatura do departamento de orientación**, un **programa individualizado** que desenvolverá coa alumna/o.
- A **persoa titora coordinarase** regularmente **co profesorado de atención educativa domiciliaria**, a **quen trasladará**, obtidas do equipo docente, as **tarefas planificadas** para a aula ordinaria e a **súa temporización**.
- O **profesorado de atención educativa domiciliaria** emitirá, con **frecuencia mensual**, ou **previo a cada avaliación**, un **informe relativo ao desenvolvemento desa atención**.
- A **avaliación** do alumnado e as **decisións de promoción e titulación** serán **competencia e responsabilidade do equipo docente**.
- A atención educativa domiciliaria **prestarase** de xeito **presencial** no domicilio, **mediante atención virtual ou mixta**.

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo (III):

Atención educativa domiciliaria (art. 62 da Orde do 8 de setembro 2021):

- A nai/pai ou **persoas titoras legais** garantirán a **presenza no domicilio dunha persoa adulta responsable** durante o tempo de intervención, presencial ou virtual.
- Ao **finalizar cada curso**, o **profesorado de atención educativa domiciliaria** elaborará **unha memoria**. Esta memoria **entregaráselle á persoa titora**.
- Realizarase unha **revisión desta medida** por parte do equipo docente, coincidindo con **cada sesión de avaliación**.
- Para o **alumnado** que, por motivos de saúde **non poida asistir ao centro e non reciba atención educativa domiciliaria**, o **equipo docente, coordinado polo profesorado titor**, elaborará unha proposta de **actividades educativas**. Esa proposta entregaráselle á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais, para a súa realización pola alumna/o e posterior devolución ao mesmo equipo.
- http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/atencion_educativa_domiciliaria_v2.pdf

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo (IV):

Atención educativa domiciliaria (art. 62 da Orde do 8 de setembro 2021):

- Recibida a resolución da Xefatura Territorial, o **profesorado de atención educativa domiciliaria contactará co centro educativo** para **coordinar** a súa atención educativa.
- O **profesorado de atención educativa domiciliaria** tamén se porá en **contacto coa nai, pai ou persoas titoras legais** do alumnado para:
 - **concretar o horario semanal** da atención presencial ou virtual,
 - **dar indicacións** sobre o procedemento para a **atención ao alumnado**,
 - **metodoloxía** a seguir **para o traslado de tarefas, resolución de dúbidas e coordinación co centro educativo**.
- **Realizadas as tarefas propostas**, o **profesorado de atención educativa domiciliaria dará traslado ao centro educativo**, para que **o profesorado as incorpore como rexistro para o proceso de avaliación** do/a alumno/a.

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo (V):

Atención educativa domiciliaria (art. 62 da Orde do 8 de setembro):

- O alumnado de **bacharelato** que **non poida ser atendido** polo centro docente recibirá atención educativa na **modalidade de educación a distancia** mediante o **traslado provisional da matrícula**, mantendo a praza educativa no centro de procedencia.

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Rexistro de medidas de reforzo educativo en XADE (I):

- ☐ Na lapela habilitada en XADE de cara a rexistrar as medidas de reforzo educativo recibidas por un/ha alumno/a, que casos son os que se deben rexistrar: os reforzos desenvolvidos por profesorado diferente ao habitual, aqueles que se desenvolvan fóra da aula ordinaria, ...?
- ☐ As intervencións realizadas polo profesorado especialista en pedagogía terapéutica e/ou en audición e linguaxe, rexístranse na pestana indicada?

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Rexistro de medidas de reforzo educativo en XADE (II):

Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria (art. 48 da Orde do 8 de setembro de 2021):

- O reforzo educativo afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía.
- Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de E/A.
- As medidas de RE debe elaboralas o profesorado que imparta a materia co coñecemento do profesorado titor, e este **deberá informar** a xefatura de estudos e a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado.
- O desenvolvemento do RE levarase a cabo no **contexto escolar ordinario** e polo **profesorado** que imparte a **área**. En determinados casos pode contar coa colaboración do profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como apoio xeral ao conxunto da aula.
- Ao final do curso, **o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual** segundo o **modelo deseñado polo DO.**

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Protocolo de prevención e actuación ante o risco suicida:

- No caso do alumnado maior de idade, que manifeste que non desexa que se informe á súa familia/representantes legais, como se debe actuar ante unha situación de risco suicida detectada no centro escolar?:
 - No caso de alumnado maior de idade, debe respectarse sempre a súa vontade e en todo caso, se xa o pon de manifesto diante de intervencións que se teñen desde o DO, tutoría do grupo...
 - ✓ Caso 1: alumna maior de idade en proceso de separación e con problemas no ámbito familiar, que non autoriza e mesmo advirte que non se informe á familia da nada da súa situación.
 - ✓ Caso 2: alumno/a que se ben non o impide tampouco autoriza a que se lle informe á familia.
 - ✓ Caso 3: alumno/a que non pon impedimentos pero limita a información e situacións que si autoriza.
 - ✓ Caso 4: alumno/a que non da consentimento para informar á familia pero que acepta as orientacións para acudir aos servizos sanitarios e logo informa confidencialmente á XDO.

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Información sobre a avaliación do alumnado:


En caso de que o solicite a familia do/a alumno/a, hai que facilitarlle copia das probas de avaliación realizadas polo/a mesmo/a?:

- O Decreto 156/2022, no artigo 29 relativo á Participación e dereito á información de nais, pais ou persoas titoras legais, dispón
 - ✓ que estes terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e ás probas e aos documentos das avaliacións que se lles realicen ás súas fillas, aos seus fillos ou ás persoas tuteladas, na parte referida á alumna ou ao alumno de que se trate,
 - ✓ sen prexuízo do respecto ás garantías establecidas na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais [...].

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Persoal auxiliar coidador (I):

- ☐ En caso de que o centro detecte a necesidade de contar co recurso de persoal auxiliar coidador, cando e como debe proceder a solicitar o mesmo?
- ☐ No caso de que xa conte con dito recurso, e teña detectada a necesidade de continuar precisando dito recurso, cando e como debe proceder a solicitar a continuidade do mesmo?



7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Persoal auxiliar coidador [PAC] (II):

Solicitud e continuidade do PAC e do persoal intérprete de lingua de signos e guías-intérpretes de persoas con xordocegueira (art. 82 da ORD_08/09/2021):

- A **solicitud inicial** para a dotación deste persoal realizarase na **primeira quincena de maio**, xunto co **ditame de escolarización**, no que se xustifique a necesidade deste recurso. **Excepcionalmente, poderán realizarse solicitudes fóra dese prazo por causas debidamente xustificadas.**
- A **continuidade** deste persoal deberá revisarse todos os cursos, durante o mes de maio, e mediante unha **solicitud de continuidade**, xunto cun informe realizado polo departamento de orientación, no que se xustifique a necesidade.
- A **Xefatura Territorial** poderá requirir ao **EOE** a elaboración dun **ditame complementario** ao emitido pola xefatura do departamento de orientación, e **terá en consideración o informe do Servizo Territorial de Inspección Educativa.**
- O **equipo directivo**, co asesoramento da xefatura do DO, será o responsable de **organizar o horario** deste persoal.
- **É un recurso ao dispor do centro docente, non un recurso unipersoal.** En consecuencia, poderá prestar atención a varios alumnos e alumnas, en función do seu horario laboral e das necesidades que presente cadaquén. En todo caso, a atención que se preste ao alumnado que atenda estará en función do que figure nos ditames de escolarización emitidos polos servizos de orientación.

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Acceso á Universidade por parte do alumnado estranxeiro (I):

- ❑ Cales son os trámites a seguir polo alumnado procedente do estranxeiro de cara a acceder aos estudos universitarios en España?
- ❑ É obrigatorio que realice as probas correspondentes á ABAU?:
 - Poderá acceder ás ensinanzas universitarias o alumnado:
 - Que proceda dun Estado membro da Unión Europea ou dun país co que España manteña acordos en materia de acceso á universidade e, ademais, cumpra os requisitos esixidos no seu país de procedencia para acceder a estudos universitarios.
 - Con título de Bacharel Europeo.
 - Con Diploma de Bacharel internacional.
 - Non obstante, para acceder a algúns graos universitarios requírese unha nota superior a 10 puntos. Neste caso hai dúas alternativas para mellorar a nota de bacharel:
 - Realizar as Probas de Competencias Específicas (PCE) que organiza a UNED.
 - Examinarse de materias da fase específica/voluntaria da selectividade en calquera universidade do Estado. Para presentarse en Galicia, hai que estar empadroado/a e logo previa solicitude, se lles asigna centro como os casos que veñen doutras CCAA.

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Promoción e titulación (I):

- ❑ É ineludible a votación dos membros dunha sesión de avaliación para atender a dubidosa promoción e/ou titulación dun alumno/a?
- ❑ No mesmo caso, pode p.ex un só membro da citada sesión de avaliación solicitar que dita votación se produza?:
 - Art. 15 do Decreto 156/2022: Concrecións curriculares:
 - j) Criterios xerais para a avaliación, a promoción e a titulación.
 - Art. 25 do Decreto 156/2022. Promoción:
 - 1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o **equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final**, decidirá sobre a súa promoción.
 - A **decisión será adoptada de xeito colexiado**, atendendo ao grao de consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias clave establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Promoción e titulación (II):

- ❑ É ineludible a votación dos membros dunha sesión de avaliación para atender a dubidosa promoción e/ou titulación dun alumno/a?
- ❑ No mesmo caso, pode p.ex un só membro da citada sesión de avaliación solicitar que dita votación se produza?:
 - Artigo 26. Título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria:
 - Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación.
 - A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 24.1, e tendo en conta os criterios de titulación.
 - En consecuencia, debería ser cada centro educativo, dentro da súa autonomía pedagóxica, o que acorde nas concrecións curriculares como resolver as discrepancias de promoción e/ou titulación que se podan producir nos equipos docentes.

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Protocolo de protección de datos:

Pode resultar negligente e/ou inconveniente por algunha situación ou circunstancia posible, enviar adxunto o informe psicopedagóxico dun alumno/a no seu expediente de traslado cando p.ex se produza un cambio de centro? Enténdese que non pode haber impedimento algún para facelo por parte p.ex dos proxenitores?

Tema preservar a protección de datos:

- 22.3. Perfil do departamento de orientación:
 - En relación coa documentación integrante do expediente de orientación:
 - ✓ O traslado fóra do centro educativo en formato papel farase en sobre pechado con selo de Confidencialidade. Cando non se faga entrega en man farase mediante correo certificado.
 - ✓ O traslado da documentación á persoa interesada ou representantes legais realizarase en sobre pechado co selo de Confidencialidade. Se isto non fose posible, remitirase mediante correo certificado.

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Notificación de indicios de desprotección

Podemos, dende o centro, unha vez derivada unha situación dun alumno/a aos Servizos Sociais do Concello e vendo (previo seguimento) que a situación derivada non mellorase, dirixirnos nós directamente ao Servizo de Menores? En que termos? e baixo que espazo de actuación? Cónstanos o RUMI de Política Social, pero non temos claro se sería o mecanismo axeitado?:

- **Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia: Notificación de indicios de desprotección:**
 - Con independencia da realización das accións previstas no protocolo, **en calquera momento en que o profesorado do centro aprecie indicios de desprotección nun alumno ou nunha alumna deberá poñelo inmediatamente en coñecemento do Concello de residencia do alumno ou da alumna, ou ben notificalo a través do Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (RUMI)** <https://rumi.benestar.xunta.es>
 - <https://politicasocial.xunta.gal/es/temas/familia-e-infancia/proteccion-de-la-infancia/notificacion-de-riesgo-y-maltrato>
- **Solicitar asesoramento á inspección educativa para analizar cada caso concreto.**
 - Poden darse casos, nos que a tramitación deba realizarse pola Xefatura Territorial co expediente e preceptivo informe de inspección educativa.

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

PMAR en LOMLOE?

- ❑ Despréndese (da lexislación) que non haberá PMAR (coa LOMLOE) en 2º da ESO. Pode confirmarse?:
 - Entre as medidas de atención á diversidade previstas na LOMLOE non se contempla o PMAR.

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Ref. á violencia de xénero: menores de idade (1/7)

- ❑ **En 2018** ampliáronse os criterios para conceder a condición de vítima a través do RDLei_9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a VX (BOE 4 de agosto):
 - De acordo con esta reforma, a Conferencia Sectorial de Igualdade **acordou modificar o procedemento (xuntanza do 3/4/2019)** para acreditar a condición de vítima.
- ❑ **En 2020** materializouse este cambio e modificouse o documento de acreditación da condición de vítima de violencia de xénero.
 - O MD que se expide neste momento, acordado entre o Estado e a C.A pódese descargar na seguinte ligazón:
https://violenciagenero.igualdad.gob.es/informacionUtil/acreditacion/doc/actualizaciones/Modelo_Comun_de_Acreditacion_11-11-21.pdf
- ❑ **En 2021** a Conferencia Sectorial de Igualdade publicou no BOE estes cambios a través da RES_02/12/2021, da Sec. Estado de Igualdade e contra a VX, pola que se publica o ***Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade***, do 11/11/2021, **relativo á acreditación das situacións de VX** (BOE 13 de decembro).

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Ref. á violencia de xénero: menores de idade (2/7)

Na C.A de Galicia: dúas modificacións no ano 2021: (ver CONCEPTO DE VX.docx)

- *Lei 14/2021, do 22 de xullo, polo que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.*
- *Lei 15/2021, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei 11/2007, (DOG do 13 de decembro).*

L.O_8-2021 de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia (ver CAPÍTULO IV: Do ámbito educativo e en concreto (Arts 30º a 35º))

Art. 31º Da organización educativa (Ref. ao plan de convivencia dos centros)

Art. 35º Coordinador ou coordinadora de benestar e protección)

*Art.34.3 3. As persoas que desempeñen a dirección ou titularidade dos centros educativos **responsabilizaranse** de que a comunidade educativa estea informada dos protocolos de actuación existentes, así como da execución e o seguimento das actuacións previstas neles.*

+Art.124 da LOE coa LOMLOE: As directoras, directores ou titulares de centros educativos responsabilizaranse de que a comunidade educativa estea informada dos protocolos de actuación existentes así como da execución e o seguimento das actuacións previstas nos mesmos. En todo caso deberán garantirse os dereitos das persoas afectadas.

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Ref. á violencia de xénero: menores de idade (3/7)

Concepto de VX: (LO_8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia. (BOE do 5 de xuño de 2021)

Artigo 1. Obxecto. 2. Para os efectos desta lei, **enténdese por violencia** toda acción, omisión ou trato negligente **que priva as persoas menores de idade dos seus dereitos e benestar, que ameaza ou interfere o seu ordenado desenvolvemento físico, psíquico ou social, con independencia da súa forma e medio de comisión, incluída a realizada a través das tecnoloxías da información e da comunicación, especialmente a violencia dixital.**

En calquera caso, **entenderase por violencia** o maltrato físico, psicolóxico ou emocional, os castigos físicos, humillantes ou denigrantes, o descoido ou trato negligente, as ameazas, inxurias e calumnias, a explotación, incluíndo a violencia sexual, a corrupción, a pornografía infantil, a prostitución, o acoso escolar, o acoso sexual, o ciberacoso, **a violencia de xénero**, a mutilación xenital, a trata de seres humanos con calquera fin, o matrimonio forzado, o matrimonio infantil, o acceso non solicitado á pornografía, a extorsión sexual, a difusión pública de datos privados, **así como a presenza de calquera comportamento violento no seu ámbito familiar.**

+ LEI 14/2021, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. (Art. único)

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Ref. á violencia de xénero: menores de idade (4/7)

Obriga de realizar comunicación dos feitos constitutivos de delito

Calquera persoa ten obriga de comunicar uns feitos que poidan ser constitutivos de delito. Este mandato que obriga a toda a cidadanía materialízase de xeito máis claro e contundente cando se trata de persoas menores de idade na **LO_8/2021**, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia (BOE do 5 de xuño).

No seu **artigo 15** recolle o seguinte en relación co *deber de comunicación da cidadanía*.

<Toda persoa que advirta indicios dunha situación de violencia exercida sobre unha persoa menor de idade está obrigada a comunicalo de forma inmediata á autoridade competente e, se os feitos poden ser constitutivos de delito, ás forzas e corpos de seguridade, ao Ministerio Fiscal ou á autoridade xudicial, sen prexuízo de prestar a atención inmediata que a vítima precise.>

+ O establecido na LO_1/1996 de Protección xurídica do Menor

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Ref. á violencia de xénero: menores de idade (5/7)

Comunicación

- ❑ No caso do **persoal docente**, o nivel de obriga é maior debido a que está obrigado polas obrigas adquiridas como parte da función pública.
- ❑ A súa responsabilidade como empregado público que posúe unhas obrigas profesionais de protección e tutela da poboación escolar fai que a súa obriga de protección do alumnado fronte ante a un acto de violencia sexa ineludible.
- ❑ Así se recolle nos art. 16 e 18 da devandita L.O_8/2021:
 - ***Artigo 16. Deber de comunicación cualificado.***
 - ***Artigo 17. Comunicación de situacións de violencia por parte de nenos, nenas e adolescentes.***
 - ***Artículo18. Deberes de información dos centros educativos e establecementos residenciais.***

MD comunicación:

[Anexo3_Alumnado vítima de vx no ámbito familiar \(modelo de comunicación\).odt](#)

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Ref. á violencia de xénero: menores de idade (6/7)

Suxestións orientadas ao cumprimento da norma:

Á referencia á AEPD e á protección da difusión da intimidade do alumnado está especialmente aconsellada cando se produce difusión de datos de contido sexual (gravacións de vídeo ou fotos íntimas) ou violento que atenten contra a dignidade do alumnado.

Esta comunicación realizarase a través do Canal Prioritario para cortar a cadea de transmisión desas mensaxes ou difusión o máis axiña posible:

<https://www.aepd.es/es/prensa-y-comunicacion/notas-de-prensa/presentacion-del-canal-prioritario-para-comunicar-la-difusion>

OBSERVATORIO GALEGO
DA VIOLENCIA DE XÉNERO



Guía de actuación
ante casos de
violencia de xénero
no ámbito educativo

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Ref. á violencia de xénero: menores de idade (7/7)

Suxestións orientadas ao cumprimento da norma:

A L.O_8/2021 dedica un apartado específico contra o ciberacoso sexual que cómpre coñecer para intervir como cortalumes ante unha difusión de contidos sexuais a través da rede:

Artigo 19. Deber de comunicación de *contidos ilícitos en Internet*.

- 1. Toda persoa, física ou xurídica, que advirta a existencia de contidos dispoñibles en Internet que constitúan unha forma de violencia contra calquera neno, nena ou adolescente, está obrigada a comunicalo á autoridade competente e, se os feitos puidesen ser constitutivos de delito, ás Forzas e Corpos de Seguridade, ao Mº Fiscal ou á autoridade xudicial.*
- 2. As administracións públicas deberán garantir a dispoñibilidade de canles accesibles e seguros de denuncia da existencia de tales contidos. Estes canles poderán ser xestionados por liñas de denuncia nacionais homologadas por redes internacionais, sempre en colaboración coas Forzas e Corpos de Seguridade.*

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Petición de informes de parte (proxenitores/ separados, organismos oficiais: Xulgado, Fiscalía, Menores, Imelga..

- ☐ Evitar emitir informes de parte
- ☐ Evitar emitir informes con contido cuxa motivación sexa favorecer ou influír nun cambio centro (escolarización extraordinaria...), agás que a petición se realice desde a inspección educativa ou comisión de escolarización, XT....
- ☐ En caso de peticións de informe por proxenitores separados tratar de facilitar a mesma información a ambos, cando esta é solicitada por cada un deles, etc)
- ☐ Se son solicitados por organismos oficiais, verificar a orixe e lexitimidade da petición: emitir respondendo aos asuntos que se solicitan pero con base en información e datos obxectivos.
- ☐ En caso de dúbidas, que a dirección do centro consulte o caso a través da inspección educativa.
- ☐ Calquera informe que deba remitirse desde o centro, será enviado pola dirección do centro ou co seu coñecemento e autorización.
- ☐ Casos en que non procede informar aos pais sobre o seu contido nin necesidade de obter autorización.

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Comunicación de protocolos á inspección educativa: aclaracións e MD (1/2)

- ☐ Unha vez cumprimentados os protocolos xestionados polos centros deben comunicarse á inspección educativa para a súa supervisión e carga na aplicación establecida.
- ☐ Procedemento corrector: remitir copia do acordo de incoación tan pronto como se ten emitido e logo ao finalizar, tamén copia da resolución definitiva.
- ☐ Protocolo de risco suicida: remitir comunicación do seu inicio/ apertura.
- ☐ Protocolo de absentismo de alumnado: se non se resolveu no centro, debe remitirse todo o expediente completo
- ☐ De todos os protocolos que se xestionan durante cada curso/ano académico, debe informarse coa correspondente ficha/resumo (inicio e peche en cada curso), agás o de alerta escolar que pode ter continuidade e sen variacións
- ☐ Casos que deben remitirse á Fiscalía de Menores: remitir expediente completo con toda a documentación empregada (mediante o PR004) con destino á XT.
- ☐ En casos nos que están a xurdir problemas coa xestión, informar de inmediato á inspección educativa da situación e consultar posibles medidas á adoptar, etc.

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Comunicación de protocolos á inspección educativa: aclaracións e MD (2/2)

Fichas a cumprimentar en Acces, Excel ou Libre Office Calc

01_Absentismo-escolar

02_Acoso e ciberacoso

03_At_educ_hospitalaria

04_At_temperá_coord_derivinterinstit

05_AutismoTEA

06_Enfermidade crónica

07_ExpedDisciplin_PRcorrector

08_iguald-nondiscrim-identxénero

09_Protec_datos

10_Risco_suicida

11_TDAH

12_Urxencias sanitarias_Enfermidade crónica_diabete

13_Violencia de xénero_alumnado

14_Altas capacidades

15_Atención educativa domiciliaria

16_Discapacidade auditiva

17_Dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe

18_Síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

MD PR Corrector normalizados_editables: listaxe (1/2)

- | |
|---|
| 1. Dilixencia para facer constar o posible cómputo de condutas leves contrarias á convivencia para os efectos de determinación de reiteración |
| 2. Resolución sobre o cómputo de condutas leves contrarias á convivencia para os efectos de determinación de reiteración |
| 3. Alegacións ante medidas correctoras g) e h) de condutas contrarias á convivencia de carácter leve |
| 4. Resolución sobre revisión de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia |
| 5. Comunicación dunha posible conduta gravemente prexudicial para a convivencia |
| 6. Incoación de procedemento para a imposición de medidas correctoras |
| 7. Recusación da persoa instrutora |
| 8. Abstención da persoa instrutora |
| 9. Ratificación ou revisión da persoa instrutora |
| 10. Procedemento conciliado: aceptación e citación |
| 10a. Aceptación do procedemento conciliado e citación |
| 10b. Citación á reunión de conciliación da persoa mediadora |
| 10c. Citación á reunión de conciliación da persoa instrutora |
| 11. Comunicación sobre tramitación de procedemento corrector polo procedemento común |
| 12. Acta da reunión de conciliación con acordos |
| 13. Acta da reunión de conciliación sen acordos |
| 14. Fin de procedemento conciliado por incumprimento e paso a procedemento común |
| 15. Fin de procedemento conciliado e arquivo |
| 16. Medidas provisionais |
| 16a. Proposta á dirección de medidas provisionais |
| 16b. Resolución sobre medidas provisionais |

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

MD PR Corrector normalizados_editables: listaxe (2/2)

17. Citación a entrevista
18. Entrevista, proposta de resolución e audiencia
18a. Acta de entrevista
18b. Proposta de resolución
18c. Citación para trámite de audiencia
19. Acta de audiencia de procedemento corrector
20. Traslado da instrución e proposta de resolución á dirección
21. Instrución complementaria
21a. Citación a entrevistas para instrución complementaria
21b. Acta de entrevistas complementarias
21c. Citación a trámite de audiencia complementario
21d. Acta do trámite de audiencia complementario
22. Resolución do procedemento corrector
22a. Resolución do procedemento corrector
22b. Proposta de resolución de cambio de centro
23. Trámite de cambio de centro
23a. Solicitud de autorización de cambio de centro
23b. Resolución de cambio de centro
24. Alegacións e solicitude de revisión de medidas impostas en procedemento corrector
25. Resolución sobre revisión de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia
26. Suspensión de medidas correctoras por compromiso educativo

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Cumprimento de prazos na aplicación de medidas no PR Corrector ao alumnado.

- ❑ En caso de faltas leves: deixar transcorrer dous días lectivos (prazo para realizar reclamacións, alegacións á comunicación recibida) antes da aplicación das medidas, que se ben teñen un carácter de inmediatez, debe respectarse o dito prazo. Ver páxina 10, apartado h) do PR_Corrector_2_orientacións (pdf).
- ❑ En caso de faltas graves/moi graves (incoación do PR corrector): á marxe da posible comunicación de medidas cautelares, previstas no protocolo, é necesario deixar pasar o prazo de dez (10) días como mínimo antes da aplicación das medidas impostas. [Posibilidade de solicitar ante o consello escolar, no prazo de dous días lectivos desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta]
- ❑ **Casuística excepcional** para aplicar medidas con proposta de **cambio de centro:**
 - ✓ Requiren de tramitación con destino á XT (con todo o expediente mediante PR004) para emisión de informe preceptivo de viabilidade pola inspección educativa e posterior Resolución da XT.
 - ✓ En caso de resolución negativa, non procede aplicar esta medida, nin tampouco antes de dispoñer da correspondente comunicación no centro.

[MD_oficio RES_medida correctora_cambio de centro_20230309.pdf](#)

[MD_RES_medida correctora cambio centro_20230309.pdf](#)

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Nova figura de avaliación en Xade para o alumnado de E.S.O. e Bacharelato **ucraíno**.

Novidade implantada en xade e remitida aos centros educativos.

- ❑ En relación a este asunto, plantexouse como deben abordar os centros a avaliación final do alumnado ucraíno que está a recibir un proceso de teleformación e non asiste a ningunha sesión dunha materia.
- ❑ **A resposta** que se deu a este asunto foi a seguinte:
 - Dende o día 9 de marzo, está dispoñible no Xade a nova figura de avaliación «AT» (cuxo significado é «ausente temporalmente») para avaliar ao alumnado de Ensino Secundario Obrigatorio e Bacharelato que vai cursar ao estranxeiro parte do curso escolar.
 - Este alumnado permanece matriculado no centro e queda así constancia no Xade de que a alumna ou o alumno está ausente temporalmente, evitando a cualificación coa nota de 1 nas avaliacións onde coincida a súa estadía no exterior.
 - Os centros teñen un aviso na portada para informar a nova figura.

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Modificación do actual Protocolo de identidade de xénero

Pasará a denominarse “**PROTOCOLO DE ATENCIÓN EDUCATIVA Á DIVERSIDADE DE IDENTIDADE E EXPRESIÓN DE XÉNERO**”

Neste momento **estase a modificar** para axustarse á vixente normativa:

- LO_10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual. (BOE 7/9/2022)+ Lei 4/2023, do 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI.

Obxectivo: facilitar a súa xestión incluíndo modelos editables:

- MD_Anexo I_Modelo de rexistro de información inicial e comunicación á dirección do centro.docx
- MD_Anexo II_Plan individual de intervención e acompañamento alumnado.docx
- MD_Anexo III_Modelo de comunicación individualizada de protocolos á inspección educativa .docx
- MD_anexo IV_Convocatoria de reunión.docx
- MD_anexo V_Acta de reunión.docx
- MD_Anexo_VI_Comunic_protocolo_identxénero á insp_educ.xlsx
- MD_Anexo_VI_Comunic_protocolo_identxénero á insp_educ_oficio.docx
- Suxestións_modif_redacción MEDIDAS_Protocolo de identidade e expresión de xénero.docx

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Dotación e organización de recursos especializados de atención á diversidade (AL/PT) e PAC. Algunhas aclaracións.

- ☐ Necesidade de establecer un protocolo concreto no PXAD e verificar posteriormente a súa idoneidade no funcionamento de casos.
- ☐ Necesidade de que os criterios sexan coñecidos no seo da comunidade educativa pero claramente interiorizados e compartidos no ámbito docente, orientación, titorías e o equipo directivo.
- ☐ Organización con base nos recursos existentes e motivación suficiente cara novas demandas adicionais.
- ☐ Recursos existentes debidamente ordenados, organizados e con prioridades ben definidas.
- ☐ Todas as saídas de aula deben estar debidamente xustificadas/motivadas e con autorización das persoas proxenitoras ou persoa que exerce a titoría legal do alumno/a.
- ☐ Non comprometer en ningún caso horas de AL/PT (recurso especializado organizado en cada momento con base nas necesidades e prioridades)
- ☐ Apoios e reforzos ordinarios atendidos polo profesorado ordinario.
- ☐ O PAC non vai de forma exclusiva para un determinado alumno/a (aínda que inicialmente a dotación se fose con referencia en alumnado concreto). Recurso do centro organizado polo DO, baixo directrices da dirección e PXAD/NOF

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Procedemento e MD seguimento de AC

- 🍎 Ref. Normativa: ORD_08/09/2021 (en xeral o art. 5º, pero especialmente o 55.10, 57.2,d))
- 🍎 Seguimento con frecuencia mínima trimestral (equipo docente, co apoio da XDO e se é o caso, coa participación da xefatura de estudos.
- 🍎 Emitir informe con destino á Inspección Educativa e conservar exemplar no centro e mesmo, no expediente do DO.
- 🍎 Obxectivo: valorar a adecuación da programación, resultados e posible necesidade de modificación/actualización da AC.
- 🍎 Finalidade: posta en común do equipo docente e DO sobre o funcionamento e a efectividade das medidas, estratexias metodolóxicas e nivel de resposta do alumnado con AC de forma individualizada.
- 🍎 Motivación/pertinencia: informar á familia sobre o desenvolvemento e grao de eficacia desta medida extraordinaria, tamén con frecuencia mínima trimestral
- 🍎 Xustificación: dispoñer dunha visión coordinada do desenvolvemento e seguimento de cada alumno/a con AC, propoñendo e logo realizando propostas de mellora, tan pronto como se detecte a súa necesidade.
- 🍎 Trátase de intervir e manter actualizada medida de forma permanente, con capacidade de dar conta da mesma tanto á familia como á inspección educativa.
- 🍎 Modelo orientativo: [MD_SEG_trim_AC_por_parte_do_centro_vmgf.docx](#)

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Aclaración de incompatibilidade medidas extraordinarias (AC con PDC nin coa FPGB)

- 🍅 Non resultan compatibles medidas extraordinarias de atención á diversidade como por exemplo AC e PDC
- 🍅 En consecuencia, o alumnado destinatario de PDC non pode ter en paralelo unha AC e viceversa.
- 🍅 Tampouco son compatibles medidas como PDC, AC, fragmentación curricular.
- 🍅 Nos ámbitos/MP de carácter xeral de FPGB non procede autorizar unha AC, aínda que a FPGB se considere dentro do ensino básico pola LOMLOE. En todo caso, polo momento, non se dispón de marco normativo para a autorización de AC/ACS na FP Básica.
- 🍅 O que si procede autorizar na FPGB son medidas de Fragmentación (flexibilización) modular xunto con outras posibles medidas ordinarias de atención á diversidade.

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Orientacións ao alumnado sobre o desenvolvemento do curso

- 🌸 **Que se detecta?** Necesidade de informar e orientar ao alumnado e familias sobre aspectos relevantes do desenvolvemento do curso, desde a fase de acollida e no PAT.
- 🌸 **Causas:** en ocasións o alumnado pero tamén en determinadas etapas educativas, nais/pais se dirixen á inspección educativa descoñecendo a quen formular dúbidas sobre aspectos do desenvolvemento do curso, decisións adoptadas polos centros, discrepancias coa avaliación e coa aplicación dos instrumentos de avaliación, etc.
- 🌸 **Evidencias, orixe da problemática:** chamadas con queixas de alumnado, pais e nais que din descoñecer a motivación de determinadas actuacións dos centros ou mesmo que non saben a quen dirixirse...
- 🌸 **Outras causas:** posible desconfianza no centro e da actuación docente..
- 🌸 **Medidas que se propoñen:** realizar accións continuadas de detección de necesidades de información, orientación e guía de procedementos, decisións e accións que se levan a cabo nos centros. Guía para alumnado e familias. Información actualizada na web dos centros e na aula virtual en determinados casos.
- 🌸 Conveniencia de informar dos aspectos máis relevantes da "INSTRUC_2_2023 precisan aspectos **ORD_02032021** dereito alum obxectividade avaliac_2022-23.pdf" e da súa **distinción con respecto a queixas xurdidas durante o curso**, avaliación continua, etc

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Saídas de alumnado fóra do recinto do centro nos recreos

- ❑ Aclaracións procedemento autorizacións saídas do alumnado durante os recreos.
- ❑ Referencia normativa: artigo 44, apartado o) do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, DOG 09-08-96) ROC dos IES.
- ❑ Aprobación do protocolo /procedemento polo Consello Escolar
- ❑ Comunicación á Inspección educativa/XT: comunicación sen valor nin amparo que non procede responder.
- ❑ Exemplo de protocolo dun centro: Problemáticas e riscos da medida
 - [MD_Comunicación dun centro á XT_acordo saídas alum BAC e CM recreos_20220914.docx](#)
 - [Modif_ADDENDA ás NOF saída alum_nos recreos_aprobCE_8set2022_20221011.docx](#)

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Consultas sobre alumnado procedente do estranxeiro

Dous casos: un alumno incorporado ao centro no mes de setembro procedente de Marrocos que actualmente forma parte dun GAL e unha alumna que se incorporou ao centro hai dúas semanas procedente de Cuba. escolarizados en 3ºESO.

- *As impresións que temos recollido nestes días é de importantes carencias en moitas materias, por contar cun nivel moi inferior ao noso ou por non telas cursado no seu país de orixe: LCL, MAT, FQ; ING, , etc,...Carencias que presenta aínda máis acentuadas o noso alumno de orixe marroquí que, tal e como nos comentou no mes de xaneiro, non poderá prorrogar máis a súa asistencia ao **GAL** e terá que incorporarse plenamente ao grupo de referencia a partir do mes de abril.*
- *Non parece que ningún dos dous estea en condicións de superar os obxectivos do curso, a tres meses do remate do mesmo e as medidas de reforzo educativo non están a ser suficientes para que acaden os mínimos esixibles.*
- *Ante esta situación a nosa dúbida é se é oportuno realizarlles ACs a estas alturas do curso, pois as actividades e contidos que se lles están proporcionando son de niveis moi inferiores aos do curso no que están escolarizados, ou é preferible avalialos no nivel no que están e propoñer unha repetición de curso para o 23-24.*

Valoración: non procede AC (a estas alturas de curso marzo 2023). Insuficiente motivación do equipo docente con base en impresións e non en evidencias. Tampouco procede simultanear a posible AC con PDC que se valora no centro.

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Consulta: procedemento a seguir para ratificar o abandono dun alumno nunha materia.

Alumno de 2º de ESO que xa o ano pasado mostraba desinterese absoluto, indo a máis este curso a pesares da insistencia e das medidas propostas.

Tratase dun alumno sen problema de capacidade que o ano pasado so deixara de lado francés pero que este ano levou 7 suspensas na primeira avaliación aínda que non mostra a mesma actitude en todas as materias.

Contactouse coa familia por Abalar varias veces dende inicios de curso e se a dirección do centro mesmo tivo un encontro co pai fai un par de meses para explicarlle a situación e o que podía supoñer un abandono, quedamos de esperar a finais de trimestre a ver se o seu fillo comprendía a situación pero non mellorou nada, deixando os exames practicamente en branco.

¿Basta que o comunique por Abalar? ¿Teño que realizar un informe específico e mandarlles copia?

Valoración:

- Non é suficiente coa comunicación por Abalar. Análise de causas
- Deben convocarse os proxenitores a unha reunión no centro coa presenza da XDO, titor/a e dirección/XE levantando acta e propoñendo medidas cara revertir a situación.
- Non existe como tal o concepto de abandono de materia.

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Consulta: Medida correctora para falta leve

No noso centro acostumamos a sancionar ao alumnado que cometen faltas de conduta leves quedándose un dos dous recreos dos que temos cada día na aula de convivencia (nunca os dous) e neles conversamos con eles do motivo polo que están alí, len, realizan algunha actividade marcada por nós ou estudan (dependendo do número de alumnado cada día). Estas medidas gravámolas no xade como "traballo en horario lectivo".

En varias ocasións atopámonos con pais/nais e alumnado que nos din que non é legal que se queden sen o recreo.

Gustaríame saber se o estamos a facer correctamente ou estamos cometendo un erro con este tipo de sancións.

Resposta:

- Somentes procede aplicar as medidas que establece o art. 43 do DEC_8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño (Art.43), e en todo caso, cos matices e concreción que se fixe nas NOF aprobadas polo centro (sen desviacións relevantes no que atinxe á referida aplicación de medidas, neste caso, por faltas leves).
- Resulta cando menos problemática a aplicación de sanción privando ao alumnado do recreo.
- En todo caso, non procede adoptar a referida medida, se pola súa vez, non foi prevista nas NOF e así informada na comunidade educativa.

Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Consulta sobre alumno agresivo

- ❑ *Temos un neno con escolarización combinada que as veces ten episodios agresivos, sobre todo traba, pellizca e da patadas.*
- ❑ *Debemos ter moito coidado xa que nalgún momento algunha compañeira saíu prexudicada. A nosa dúbida é, se no momento de collelo para tranquilizalo, puidese darse a situación de que ao neno lle quedase algún moratón nos brazos.*
- ❑ *A familia está ao tanto de todos estes momentos e con eles falamos para ver como proceder nestes casos.*
- ❑ *Un compañeiro que traballou nun centro especial nos di que hai algo así como un Protocolo de "Contención".*
- ❑ *Nós non atopamos nada e nos gustaría saber se existe algo así para poder algo por escrito e firmado pola familia.*

Valoración:

- Se non se dispón de pautas e a problemática persiste, valorar a solicitude de intervención do EOE na especialidade de trastornos de conduta.
- Evitar adoptar medidas con base a supostas actuacións nun CEE sen precisar en que consisten e se estas son adecuadas, etc
- Os CEE non teñen con carácter xeral, protocolos de contención. Os centros ordinarios e os CEE deberían levar a cabo medidas e establecer pautas de actuación para o ANEAE/ANEE que escolarizan, incluído o que presente trastornos graves de conduta.

Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Consulta 1 dun DO: alumno/a que repite 2º de ESO e presenta un TEA con discapacidade certificada. Non ten dificultades cognitivas, en 1º ESO acadou moi bos resultados académicos e no 1º trimestre do curso tamén aprobou todo (aínda que con cualificacións máis baixas).

Desde o 2º trimestre do curso 2021-2022 presenta un alto grao de ansiedade relacionado coa asistencia ao centro educativo, o cal motivou que no presente curso se atope repetindo 2º. O seu número de faltas de asistencia é tan alto que se valorou mesmo a opción de solicitar a atención educativa domiciliaria, pero se desbotou porque o seu psiquiatra lle indicou á orientadora que un obxectivo terapéutico importante é que a alumna asista ao centro e, na medida do posible, se relacione con alumnado da súa idade. Todas as faltas de asistencia estanse considerando como xustificadas porque contamos cun informe psiquiátrico que así o indica. Cómpre salientar que as faltas de asistencia prodúcense moito máis nalgúñas materias que noutras: mentres nalgúñas como tecnoloxía é raro que falte, a outras como matemáticas leva varios meses sen asistir. Á súa titora vaille a clase de titoría pero non á de EF. Durante este curso intentáronse, en coordinación coa súa psicóloga e o seu psiquiatra, varias incorporacións paulatinas da alumna á actividade lectiva normal. Actualmente, despois de ter empezado de novo de cero tralas vacacións de nadal, o obxectivo é que veña as dúas últimas horas da mañá. Cando teña cumprido esa meta durante tres semanas seguidas irase incrementando unha hora máis ata que finalmente acuda a mañá enteira. Polo de agora esa asistencia de dúas horas durante tres semanas seguidas non se produciu. Algúns días non vén a algunha das dúas últimas horas pero si a algunha outra clase intermedia durante a mañá (en materias que lle gustan especialmente).

A cuestión para a inspección é: *Como avaliar á alumna nas distintas materias, especialmente naquelas ás que non vai a clase practicamente nunca. Na 1ª avaliación optouse por deixar as materias sen cualificar, e na segunda poderíase facer o mesmo, pero de non estabilizarse a asistencia da rapaza xorde a dúbida de como cualificala a final de curso.*

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Consulta 2 DO: alumno/a que cursa 2º de ESO e presenta un mutismo selectivo e ten discapacidade certificada. Non se comunica con ninguén no centro de xeito oral, e só di que si ou non coa cabeza a algún profesorado (non a todo).

- ❑ *Na materia de EF faise especialmente patente o seu bloqueo, non realizando ningunha das actividades que a profesora programa.*
- ❑ *Tense intentado todo, ata ofrecerlle facer o que queira con tal de que faga algo de actividade física, pero permanece inmóbil e en silencio e nin sequera é quen de camiñar arredor da pista durante a clase. Tratouse de que fixera algo de exercicio na casa e se gravara para poder avaliala dese xeito pero tampouco foi posible.*
- ❑ *No resto das materias, ao non comunicarse de xeito oral no propio centro nin a través de gravacións, está sendo avaliada sen ter en conta a oralidade, o cal en todas as materias, pero especialmente nas lingüísticas, supón a eliminación dun número importante de obxectivos do currículo. Cando o profesorado pide que se faga un traballo en grupo ela non participa e leva a nota que obteñan as compañeiras/os do seu grupo.*
- ❑ *Avaliándoa só por escrito ten un bo rendemento académico. A alumna está nun agrupamento flexible nas materias de LC, LG, MAT, FQ e TEC. Tamén recibe dúas horas semanais de apoio de PT. Nunha reunión o xx de 2023 acordouse coa nai solicitar a intervención do EOE.*

As cuestións para a inspección son: Como avaliar á alumna na materia de EF, xa que non ten informe médico ningún que diga que ten impedimento físico para facer exercicio pero na práctica non fai ningunha das actividades avaliáveis (exceptuando as teóricas). -Se debemos tramitar como adaptacións curriculares o feito de non avaliar a súa produción oral ou é suficiente con rexistralo en XADE como reforzo, como se fixo ata o de agora.

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

Consulta: Posible caso de ciberacoso.

Alumna de 2º de ESO que transmitiu á súa titora que un compañeiro estaba a facer propostas indebidas nas redes sociais (fóra de horario escolar pero é un compañeiro de clase).

- ☐ *A alumna o confirmou á orientadora e nos temos unha copia dos "pantallazos" que fixo dita alumna.*
- ☐ *Falando coa familia esta alumna, eles non queren que abramos protocolo de acoso e ciberacoso polas posibles consecuencias que podería ter iso nas relacións da súa filla cos seus compañeiros. A alumna xa pechou a súa conta da rede social e o ten bloqueado.*
- ☐ *Eles se conformarían con falar coa familia do alumno que lle manda isto por redes sociais.*
- ☐ *A nosa dúbida é se temos que abrir de todos os xeitos protocolo de acoso e ciberacoso, ou se nos ocorre que poderíamos facer unha reunión coa familia do "presunto acosador" e co alumno e falar seriamente deste asunto, darlle a oportunidade de deixar de facelo e levantar acta de dita reunión, polo que puidera pasar no futuro.*

Valoración:

O centro non pode evitar abrir e xestionar o protocolo de acoso xa que a familia é quen de solicitar que se abra pero non pode impedir que se xestione cando procede por parte do centro.

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

CUESTIÓN: xustificación documental faltas asistencia alumnado (1/2)

Esta cuestión xurde logo dunha chamada desde un servizo médico á dirección dun centro con respecto a petición de xustificante de asistencia ao médico para proceder a correspondente xustificación de ausencias de alumnado.

- ❑ A dirección do centro emite unha resposta escrita con destino a un Dr. co quen mantivo unha conversa previa ao respecto da petición realizada cara a xustificación de ausencias que logo trata de xustificarlle a necesidade de dispoñer de xustificante de asistencia ao médico (que NON de certificado), baseándose no protocolo de absentismo de alumnado en idade de escolarización obrigatoria.
- ❑ A dirección do centro tamén informa no referido escrito, das NOFC e das faltas xustificables xunto co procedemento a seguir
- ❑ Asemade, ponse de manifesto literalmente o seguinte:
 - *"Repítolle que non requirimos un informe médico, pero si a demostración de que o pequeno/a asistiu a unha consulta médica e que o noso deber é velar polo dereito dos menores á súa educación e escolarización.*
 - *Ese xustificante emítese dun xeito rápido e sinxelo nos Centros de Saúde e considero que é un dereito de todo usuario do Sergas que non se lle debería negar a un menor que se ausenta do seu centro de ensino, cando se lle esixe a calquera adulto que se ausenta do seu centro de traballo."*

7.-Outras dúbidas razoables para a función orientadora

CUESTIÓN: xustificación documental faltas asistencia alumnado (2/2)

Valoración/ resposta:

1. Valorar se estamos diante da concorrencia dunha posible situación de vulnerabilidade o desamparo...?
2. Con carácter xeral o criterio institucional actual é que en ningún caso se debe esixir un xustificante médico para xustificar as inasistencias do alumnado.
3. O problema ven en parte determinado, porque o protocolo o contempla, polo que deberá traballarse na modificación do mesmo.
4. En todo caso, desde un punto de vista de eficiencia administrativa e outras circunstancias que concorren, non fan aconsellable que desde os centros se demanden este tipo de xustificantes, ate ver o que se determina na posible modificación do protocolo actual.
5. Hai centros que adoptan solucións como aceptar o ticket de consulta do centro médico como xustificante (o cal nin sequera implica a asistencia á consulta), polo que o feito de exixir este tipo de documentos non ten sentido algún, salvo interromper o normal desenvolvemento do servizo médico.
6. Do mesmo xeito que en ocasións, os centros educativos non obedecen ás conclusións de determinados informes médicos nas cuestións que corresponden a súa competencia tampouco se debería provocar situacións semellantes en sentido contrario.
7. En caso de sospeitas sobre posibles situacións de vulnerabilidade ou desamparo os centros educativos manexan posibles alternativas ás que recorrer (servizos sociais, fiscalía, etc) sen ter que acudir a esta vía.

Regulación normativa

[Normat_EncontosEOE2023\LO_3_2022_de_ordenacion_e_integracion_da_FP_BOE_gal.docx](#)

[RD_278_2023 calendario implant_LO_3_2022 de Ord e Integr FP_BOE cas.pdf](#)

[Normat_EncontosEOE2023\proyecto-rd-ordenacion-fp-v-completa-5_v20230218.pdf](#)

8.-LO_3/2022 de ordenación e integración da FP: cambios



GOBIERNO
DE ESPAÑA



AGENDA
2030

Principais retos

Adequar os niveis de cualificación da poboación activa ás necesidades dos sectores produtivos

Desenvolver un sistema de FP ao longo de vida flexible, accesible, acumulable, acreditable e capitalizable

Incrementar a porcentaxe de xóvenes que elixen FP

Incrementar o nº de prazas de FP e axustar a oferta ás necesidades do mercado laboral

Desenvolver un marco para a FP Dual e ampliar a presenza da empresa na formación

Acreditar a experiencia laboral das persoas activas que non teñen acreditación das súas **competencias** profesionais (46%)

Incrementar o nº de horas de formación que realizan as persoas traballadoras e persoas en busca de emprego para equiparnos cos países máis avanzados.

Incorporar a innovación, o emprendemento, a dixitalización e a sostibilidade nunha oferta formativa actualizada, atractiva e flexible, que dea resposta ás necesidades de formación da cidadanía e das empresas

Establecer un sistema de orientación profesional que acompañe á cidadanía na súa toma de decisións formativas



XUNTA
DE GALICIA

Obxectivo e aspectos clave/básicos

Obxectivo:

- Construír e ordenar un sistema de FP que responda “con flexibilidade aos intereses e aspiracións de cualificación profesional das persoas e das competencias demandadas na actualidade para incrementar a produtividade e xerar emprego.

Aspectos clave:

- Sistema de FP ÚNICO
- Toda a formación profesional terá carácter DUAL.
- Un novo sistema de graos de FP (A, B, C, D y E), que contempla unidades de aprendizaxe máis pequenas ou microformacións (grado A), ate títulos e cursos de especialización (grados D y E).

Características máis relevantes

Dúas modalidades: **Xeral** ou **Intensiva**

- **FP Xeral**, con una duración de formación na empresa entre o 25% e o 35% e unha participación da empresa de ate un 20% dos resultados de aprendizaxe (RA) do currículo;
 - **FP Intensiva**, con formación na empresa a partires do 35% da duración total e unha colaboración da empresa co centro de formación de máis do 30% respecto do currículo. Asemade, este último contempla alternar a formación no centro de formación ou na empresa coa actividade produtiva, retribuída no marco dun contrato de formación.
- **Carácter DUAL:** Realizarase entre o centro de formación e a empresa, en dúas intensidades, en función das características do período de formación no centro de traballo. Incorporase a figura do titor dual do centro e do titor dual de empresa

8.-LO_3/2022 de ordenación e integración da FP: cambios

Elementos principais da nova LO_FP

- ❑ ORDENA, INTEGRA E DESCRIBE O SISTEMA DE FP
- ❑ Define e regula as ofertas de formación
- ❑ Xeraliza o carácter DUAL da FP
- ❑ Regula as modalidades de impartición
- ❑ Incentiva e potencia o procedemento de acreditación de competencias adquiridas por experiencia laboral ou vías non formais
- ❑ Crea e regula o sistema de ORIPRO vinculado ao sistema de FP
- ❑ Incorpora a innovación, a investigación aplicada, a dixitalización, a sostibilidade
- ❑ Integra a internacionalización na FP
- ❑ Consolida a corresponsabilidade de centros e empresa na formación
- ❑ Define os seus sistemas de gobernanza e avaliación da calidade
- ❑ Estreita as relacións entre FP e Universidade.

8.-LO_3/2022 de ordenación e integración da FP: cambios

Conceptualización da FP Dual e da orientación profesional

Concrétase o concepto de FP DUAL (no artigo 2. 11 da LO de FP)

FP dual: a FP que se realiza harmonizando os procesos de ensino e aprendizaxe entre o centro de FP e a empresa ou organismo equiparado, en corresponsabilidade entre ambos os axentes, coa finalidade da mellora da empregabilidade da persoa en formación.


Tamén se concreta o concepto de orientación profesional (Art.2, punto 18)

Orientación profesional (ORIPRO): *o proceso de información e acompañamento na planificación persoal do itinerario formativo e profesional no marco do sistema de FP, que inclúe, polo menos, os seguintes ámbitos:*

posibilidades de FP, elección dunha profesión, perfeccionamento, cambio de profesión, evolución do mercado laboral e oportunidades de Emprendemento, e desenvolvemento de habilidades para a xestión da carreira profesional.

8.-LO_3/2022 de ordenación e integración da FP: cambios

Sistema de ORIPRO incorporado ao proceso de formación



Acceso a un **sistema de ORIPRO no marco do sistema de FP incorporando...**

- Ao proceso de formación
- E ao procedemento de acreditación das competencias adquiridas pola experiencia laboral (ARA)

Créase a **Estratexia Xeral de ORIPRO da FP**

8.-LO_3/2022 de ordenación e integración da FP: cambios

Entidades: organismo equiparado e organismo intermedio

Dous conceptos importantes (Art.2.9 e 2.20 da LO de FP):

1. **Organismo equiparado:** entidade ou organización, calquera que sexa a súa natureza xurídica, que, non tendo a condición de empresa, dispoña polo menos dun centro de traballo no que poidan desenvolverse, nas condicións requiridas, actividades de formación titorizada no marco das ofertas de formación profesional.
2. **Organismo intermedio:** toda entidade, asociación, federación, confederación, Cámara de Comercio, clúster, etc que participe no asesoramento e apoio a empresas para a súa participación en formación profesional, facilitando o seu contacto con administracións e centros educativos.

Artigos a destacar:

Artigo 3. Principios xerais

Artigo 4. Dereitos individuais e sociais.

Artigo 5. Composición e función do sistema de FP

Artigo 6. Obxectivos do sistema de FP

Artigo 7. Elementos integrantes e instrumentos de xestión do sistema.

8.-LO_3/2022 de ordenación e integración da FP: cambios

Elementos, instrumentos e tipoloxía de ofertas: resumo

Elementos integrantes e instrumentos de xestión do sistema (Art.7)

1. O sistema de FP concrétase en:

- a. O Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais. (CNECP)
- b. O Catálogo Modular de Formación Profesional. (CMFP)
- c. O Catálogo Nacional de Ofertas de Formación Profesional. (CNOFP)
- d. Os elementos básicos dos currículos.

2. Serven á xestión do sistema de FP:

- a. O Rexistro Estatal de FP.
- b. O Rexistro Estatal de Acreditacións de Competencias Profesionais Adquiridas por Experiencia Laboral ou Vías Non Formais.
- c. O Rexistro Xeral de Centros de FP

Tipoloxía de ofertas e graos de formación, (CAP. II e en concreto no art.28

Organizada, de maneira secuencial, nos seguintes graos:

- a) Grao A: Acreditación parcial de competencia
- b) Grao B: Certificado de competencia
- c) Grao C: Certificado profesional
- d) Grao D: Ciclo formativo (GB, GM, GS)
- e) Grao E: Curso de especialización (en GM e GS)

En cada un dos Graos existirán ofertas vinculadas aos niveis 1, 2 e 3 do CNECP.

8.-LO_3/2022 de ordenación e integración da FP: cambios

Corresponsabilidade CENTROS/EMPRESA

TODA A FP CON CARÁCTER DUAL

- ☐ Cada estudante contará cun PLAN DE FORMACIÓN que detallará os resultado de aprendizaxe (RA) no centro e na empresa.
- ☐ Regúlase a figura do titor dual do centro
- ☐ Regúlase a figura do titor dual de empresa
- ☐ Contempla o agrupamento de PEMES e o titor de empresa compartido.
- ☐ Créanse figuras que colaboren e faciliten a colaboración centro-empresa:
 - Figura do prospector de empresas
 - Figura de experto senior de empresa no centro

8.-LO_3/2022 de ordenación e integración da FP: cambios

Novo modelo de acreditación de competencias (ARA)

- Suprímense as convocatorias ocasionais e limitadas a certas UC e créase un **procedemento administrativo aberto de carácter permanente**. Na **C.A de Galicia** xa se está a facer.
- **Ábrese a todas as UC existentes**
- **Instálase en todos os centros de FP**
- **Vincúlase á formación**: garántese a oferta de formación necesaria para complementar as competencias acreditadas.
- **Implicación das empresas** na acreditación dos seus traballadores.



Grazas pola vosa atención

mdb@edu.xunta.gal

manuel.guerra@edu.xunta.gal